



ANEXO AO CONTRATO DE TRABAJO INDEFINIDO A TEMPO PARCIAL SOBRE PACTO DE HORAS COMPLEMENTARIAS

CLAÚSULAS

PRIMEIRA: O/a traballador/a contratado/a comprométese a realizar, á solicitude do/da empresario/a, ata un máximo de horas complementarias anuais que supoñen % respecto ás horas pactadas (1) no contrato celebrado o día / / e comunicado ou rexistrado no Servizo Público de Emprego de coa data / / e co número

SEGUNDA: A distribución e forma de realización das horas complementarias pactadas deberá aterse ao establecido ao respecto no convenio colectivo de aplicación e no pacto de horas complementarias.

TERCEIRA: O/a empresario/a preavisará cun mínimo de días de antelación (2) á súa realización o día e a hora nos que o/a traballador/a terá que realizar as horas complementarias, dentro dos máximos establecidos nos apartados anteriores.

CUARTA: A realización de horas complementarias terá que respectar en todo caso os límites en materia de xornada e descansos establecidos nos artigos 34, apartados 3 e 4; 36 apartados 1 e 37, apartado 1, do Estatuto dos Traballadores.

QUINTA: As horas complementarias efectivamente realizadas retribuiranse como ordinarias, computándose a efectos de base de cotización á Seguridade Social e períodos de carencia e bases reguladoras das prestacións.

SEXTA: O pacto de horas complementarias poderá quedar sen efecto por renuncia do/da traballador/a mediante un preaviso de quince días, cando concorran as circunstancias reguladas no apartado 5.g) do art. 12 do Estatuto dos Traballadores.

SÉTIMA: No caso de que o/a empresario/a incumpra calquera das estipulacións referidas neste ANEXO así como as obrigas establecidas no artigo 12.5 do Estatuto dos Traballadores, modificado polo artigo 1 do RD Lei 16/2013 do 20 de decembro (BOE do 21 de decembro), para as horas complementarias, a negativa do/da traballador/a á realización das mesmas, pese a terse pactado, non constituirá conduta sancionable.

OITAVA: Pódese acordar a realización de horas complementarias VOLUNTARIAS, cuxo número será (3) vinculadas ao contrato cuxos datos contémplanse na cláusula PRIMEIRA.

E para que conste, asíñase o presente anexo por triplicado exemplar no lugar e data que a continuación indicamos asinando as partes interesadas (3).

En a de de 20
O/a traballador/a O/a representante O/a representante legal
da Empresa do/da menor, se procede

(1) As horas complementarias non poderán ser superiores ao 30% das horas ordinarias de traballo do contrato, agás que o convenio colectivo de ámbito sectorial, ou no seu defecto inferior, estableza outra porcentaxe que en ningún caso excederá do 60% das horas ordinarias pactadas. A suma das horas ordinarias e complementarias non poderá exceder do límite legal do traballo a tempo parcial.
(2) Establecerase o prazo previsto nos convenios colectivos e, no seu defecto 3 días.
(3) Non poderán superar o 15%, ampliables ao 30% por convenio colectivo. A negativa do/ da traballador/a á realización destas horas non é conduta sancionable. Artigo 12.5 g) do Estatuto dos Traballadores.
(4) PROTECCIÓN DE DATOS.-Os datos consignados neste modelo terán a protección derivada do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE do 6 de decembro).